

Traballo da memoria

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2002]). “Traballo da memoria”. *La Voz de Galicia*: 3 de xuño de 2002, 27. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/76>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2002). “Traballo da memoria”. *La Voz de Galicia*: 3 de xuño de 2002, 27.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

TRABALLO DA MEMORIA

[RECENSIÓN DA REEDICIÓN DO LIBRO DE SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
AO PÉ DE CADA HORA, 2002]

Iria Sobrino Freire

O libro remata cunha autodefinición:

Eu son así:
Un home só ao pé de cada hora
como un soño esvaído
nun andén distante.

Desde este presente da enunciación, o eu vai construindo a súa historia. Unha historia colectiva, evocada por medio dunha serie de elexías dirixidas a figuras ilustres da cultura galega e unha historia individual, composta polos sucesivos episodios dunha experiencia amorosa (encontro, relación, paternidade, morte da muller amada). A memoria opera aquí como forza activa, creadora de significado. Só a través dela é posible acceder á vivencia en toda a súa fondura. En versos de Eliot,

Tivemos a experiencia pero perdemos o sentido,
e achegarse ó sentido restaura a experiencia.

Ao pé de cada hora ofrécesenos, deste xeito, como resultado desta aproximación reflexiva ó mundo interior e exterior do falante, ós acontecementos que contribuíron a conformar a súa identidade. A dimensión social desa identidade relaciónase co sentimento de pertenza a unha comunidade cunha cultura ameazada. O suxeito sitúase na posición de herdeiro dos grandes nomes da historia de Galicia, os que sinala como guieiros na loita pola recuperación da liberdade perdida. A dimensión individual ten que ver coa exploración das posibilidades de realización do amor, que se entende, en termos sartreanos, como modo de superación da subxectividade, do baleiro inherente ó ser humano. Ó longo do poemario sucédense un conxunto de prantos por “voces e nomes / que foron morrendo”, que se lembran desde a distancia, desde a calma da palabra lentamente labrada polo tempo. A dor e a soidade do presente do eu só atopan consolo na idea do futuro agromar da semente que “xa está nos sucos”, e que permite manter a esperanza de que tal vez un día os anhelos individuais e colectivos se vexan materializados.